

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA E PARA AS ADMINISTRACIÓN TERRITORIAIS

4753 *Real decreto 192/2018, do 6 de abril, polo que se aproban os estatutos do organismo autónomo Organismo Estatal Inspección de Traballo e Seguridade Social.*

A nova lei ordenadora do Sistema de Inspección de Traballo e Seguridade Social, Lei 23/2015, do 21 de xullo, dotou a Inspección dun novo marco de relacións institucionais e dun modelo organizativo que fai compatibles os principios de unidade de función inspectora e concepción única e integral do Sistema coa existencia dunha pluralidade de administracións responsables nas distintas materias sometidas á actuación da Inspección, reforzando a presenza e a participación das distintas administracións na toma de decisións.

Ademais, reforzou a actuación da Inspección en materia de prevención de riscos laborais, coa creación dunha escala especializada en seguridade e saúde dentro do corpo de subinspectores laborais.

Isto, xunto coa modernización e tecnificación do funcionamento que experimentou a Inspección nos últimos anos, posibilita que as súas actuacións aumenten en extensión e profundidade, polo que cómpre reforzala institucionalmente integrando e ordenando mellor o funcionamento dos servizos, e articulando mecanismos de cooperación e colaboración máis eficaces con todas as administracións implicadas.

Por tanto, a Lei 23/2015, do 21 de xullo, creou o Organismo Estatal Inspección de Traballo e Seguridade Social e a Inspección pasou a constituírse como un organismo autónomo, o que permitirá a execución en réxime de descentralización funcional tanto dos programas de actuación en materias competencia da Administración xeral do Estado como dos que corresponden a materias competencia das comunidades autónomas.

A nova lei, en consonancia coa Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, establece que a organización e estrutura do Organismo se efectuará nos seus estatutos cuxa aprobación corresponde ao Goberno mediante real decreto.

Mediante o presente real decreto, por tanto, apróbanse os estatutos do Organismo Estatal Inspección de Traballo e Seguridade Social, en que se regulan a súa estrutura central e periférica, os órganos de dirección e participación institucional, e o relativo ao réxime económico, patrimonial e de contratación.

Na estrutura central, como órganos de dirección conta co Consello Reitor e co director, e como órgano de participación institucional co Consello Xeral.

O Consello Reitor é o máximo órgano de dirección e configúrase como un órgano colexiado, de carácter paritario formado por representantes da Administración xeral do Estado e das comunidades autónomas, e atribúenselle funcións de proposta, impulso e aprobación das decisións de maior transcendencia para a vida do Organismo. Regúlase, así mesmo, o seu funcionamento, en pleno e en comisión permanente, e establécese que lle corresponde a aprobación do seu regulamento de funcionamento interno.

A representación e a xestión do Organismo encoméndanselle ao seu director, a quen tamén se encomendan as funcións propias da Autoridade Central da Inspección de Traballo e Seguridade Social, de acordo co establecido no Convenio número 81 da Organización Internacional do Traballo.

A Lei 23/2015, do 21 de xullo, reforza a participación institucional dos axentes sociais no Sistema de Inspección. A anterior Comisión Consultiva Tripartita substitúese por un Consello Xeral tamén tripartito, integrado por unha representación da Administración xeral do Estado e comunidades autónomas, e das organizacións empresariais e organizacións sindicais máis representativas, e atribúelle funcións de información, audiencia e consulta nas materias de que teña coñecemento o Consello Reitor. Os presentes estatutos regulan

a composición, as funcións e o réxime de funcionamento do Consello Xeral en consonancia co anterior.

Dependendo do director xeral, forman a estrutura central do Organismo a Oficina Nacional de Loita contra a Fraude, a Subdirección Xeral para a Coordinación da Inspección do Sistema de Relacións Laborais, a Subdirección Xeral de Relacións Institucionais e Asistencia Técnica, e a Secretaría Xeral. Así mesmo, queda adscrita ao director do Organismo, con nivel de subdirección xeral, a Escola da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

A creación da Oficina Nacional de Loita contra a Fraude xa estaba prevista na Lei 23/2015, do 21 de xullo, como órgano especializado da Inspección de Traballo e Seguridade Social para combater as condutas relacionadas co traballo non declarado, co emprego irregular e coa fraude á Seguridade Social. Ten nivel orgánico de subdirección xeral e intégrase na estrutura central baixo a dependencia do director do Organismo en paralelo ao resto das subdireccións. Contará cun grupo de asesoramento formado por expertos e con axentes de enlace noutros departamentos da Administración xeral do Estado e nas comunidades autónomas.

Á Subdirección Xeral para a Coordinación da Inspección do Sistema de Relacións Laborais correspóndenlle, en coordinación nos órganos correspondentes das comunidades autónomas, a elaboración e o seguimento de plans e programas de inspección de alcance xeral en todas as materias que integran o sistema de relacións laborais. Dentro deste sistema intégrase o relativo á prevención de riscos laborais, de especial importancia para a Inspección de Traballo e Seguridade Social dado que a protección da seguridade e saúde dos traballadores constitúe unha das súas prioridades, xunto coas actuacións relativas ao cumprimento da normativa laboral, individual e colectiva, e materias relacionadas coa tutela e promoción da igualdade de trato e non discriminación no traballo.

A Subdirección Xeral de Relacións Institucionais e Asistencia Técnica é o órgano encargado das relacións institucionais, a nivel interno e internacional, e dos aspectos xurídico-técnicos e normativos do Organismo e, por último, a Secretaría Xeral ten atribuída, basicamente, a xestión dos recursos tecnolóxicos, materiais e humanos do Organismo.

No ámbito territorial, estrutúrase en Dirección Especial de Inspección de Traballo e Seguridade Social, con funcións de coordinación nas actuacións inspectoras sobre empresas ou situacións que excedan o ámbito territorial dunha comunidade autónoma, ou que versen sobre os entes e organismos que forman parte do sector público estatal, e pode desempeñar a dirección ou o directo desenvolvemento de actuacións no ámbito das competencias da Administración xeral do Estado; direccións territoriais, que desenvolven as actuacións inspectoras supraprovinciais e dirixen e coordinan a actuación das inspeccións provinciais, dentro do territorio de cada comunidade autónoma; inspeccións provinciais, que asumen o exercicio da función inspectora atribuída ao Organismo Estatal en cada provincia. Así mesmo, forman parte desta estrutura territorial as unidades especializadas por áreas funcionais de acción inspectora e os equipos de inspección, que son a estrutura básica da acción inspectora no ámbito que se lles asigne.

Por último, regúlase o relativo ao réxime económico, patrimonial, orzamentario e de contratación do Organismo.

Por outra parte, a nova organización da Inspección de Traballo e Seguridade Social, que se configura como organismo autónomo, en substitución da Dirección Xeral da Inspección de Traballo e Seguridade Social, fai necesario realizar os cambios imprescindibles na estrutura da Subsecretaría de Emprego e Seguridade Social, a que se adscribe o organismo autónomo Organismo Estatal Inspección de Traballo e Seguridade Social, o que supón a modificación puntual do Real decreto 424/2016, do 11 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica básica dos departamentos ministeriais, desenvolvido respecto do Ministerio de Emprego e Seguridade Social polo Real decreto 703/2017, do 7 de xullo, que tamén se modifica.

Este real decreto cumpre cos principios de boa regulación contidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica,

transparencia e eficiencia. En tal sentido, a norma persegue un interese xeral ao dotar de estatutos o organismo autónomo Organismo Estatal Inspección de Traballo e Seguridade Social, cuxos fins consisten no exercicio das funcións que lle encomenda a Lei 23/2015, do 21 de xullo; contén a regulación imprescindible para cumprir os seus obxectivos; é coherente co resto do ordenamento xurídico; non contén cargas administrativas para persoas ou empresas, e con el procúrase a racionalización da xestión dos recursos públicos.

Na súa virtude, por proposta conxunta do ministro de Facenda e Función Pública e da ministra de Emprego e Seguridade Social, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de abril de 2018,

DISPOÑO:

Artigo único. Aprobación dos estatutos do organismo autónomo Organismo Estatal Inspección de Traballo e Seguridade Social.

Apróbanse os estatutos do organismo autónomo Organismo Estatal Inspección de Traballo e Seguridade Social, que se insiren a seguir.

Disposición adicional primeira. Data de constitución do organismo autónomo Organismo Estatal Inspección de Traballo e Seguridade Social.

1. O organismo autónomo Organismo Estatal Inspección de Traballo e Seguridade Social entrará en funcionamento efectivo e quedará constituído o día seguinte ao da publicación do presente real decreto no «Boletín Oficial del Estado».

2. Desde a data indicada na disposición transitoria primeira, o Organismo Estatal subrogarase en todos os dereitos e obrigas derivados de competencias da Dirección Xeral de Inspección de Traballo e Seguridade Social atribuídas a esta.

Disposición adicional segunda. Referencia a órganos suprimidos.

As referencias que se fan no ordenamento xurídico aos órganos que se suprimen mediante este real decreto entenderanse realizadas aos que se crean, substitúen ou asumen as súas competencias nesta mesma norma.

Disposición transitoria primeira. Créditos orzamentarios.

Conforme o establecido na disposición transitoria primeira da Lei 23/2015, do 21 de xullo, ordenadora do Sistema de Inspección de Traballo e Seguridade Social, ata que se aprobe o orzamento do organismo autónomo Organismo Estatal Inspección de Traballo e Seguridade Social, integrado nos orzamentos xerais do Estado, os créditos orzamentarios para financiar as actuacións da Inspección de Traballo seguiranos xestionando os servizos ata agora competentes do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, e o pagamento do persoal ao servizo do Organismo Estatal efectuarase con cargo aos créditos de procedencia.

Disposición transitoria segunda. Unidades e postos de traballo con nivel orgánico inferior a subdirección xeral.

1. As unidades e postos de traballo con nivel orgánico inferior a subdirección xeral que resulten afectados polas modificacións orgánicas establecidas neste real decreto continuarán subsistentes e serán retribuídos con cargo aos mesmos créditos orzamentarios, ata que se aproben as relacións de postos de traballo adaptadas á estrutura orgánica deste real decreto.

2. As unidades e postos de traballo encadrados nos órganos suprimidos, ou cuxa dependencia orgánica fose modificada por este real decreto, adscribiranse provisionalmente, por resolución do titular da subsecretaría, aos órganos regulados neste

real decreto, en función das atribucións que estes teñen asignadas, ata que se aprobe a correspondente relación de postos de traballo.

3. As relacións de postos de traballo a que se refiren os puntos anteriores non poderán xerar incremento de custos de persoal.

4. Na data citada na disposición transitoria primeira integrárase no Organismo a totalidade do persoal funcionario e laboral da Administración xeral do Estado adscrito á Inspección de Traballo e Seguridade Social, nos termos establecidos na disposición adicional cuarta da Lei 23/2015, do 21 de xullo, que conservará a totalidade dos seus dereitos e obrigas, incluídos os relativos á acción social.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas as seguintes disposicións:

1. O título III do Regulamento de organización e funcionamento da Inspección de Traballo e Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 138/2000, do 4 de febreiro.

2. A Orde TAS/3869/2006, do 20 de decembro, pola que se crea a Comisión Consultiva Tripartita da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

3. Cantas outras de igual ou inferior rango se opoñan ou contradigan o establecido no presente real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 424/2016, do 11 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica básica dos departamentos ministeriais.*

O Real decreto 424/2016, do 11 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica básica dos departamentos ministeriais, queda modificado como segue:

Un. A alínea D) do número 1 do artigo 8 queda redactada da seguinte maneira:

«D) A Subsecretaría de Emprego e Seguridade Social, da cal dependen os seguintes órganos directivos:

1. A Secretaría Xeral Técnica.
2. A Dirección Xeral de Estatística e Análise Sociolaboral.»

Dous. Engádese un número 2 ao artigo 8, coa seguinte redacción:

«2. Queda suprimida a Dirección Xeral da Inspección de Traballo e Seguridade Social.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 703/2017, do 7 de xullo, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Emprego e Seguridade Social e se modifica o Real decreto 424/2016, do 11 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica básica dos departamentos ministeriais.*

O Real decreto 703/2017, do 7 de xullo, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Emprego e Seguridade Social e se modifica o Real decreto 424/2016, do 11 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica básica dos departamentos ministeriais, queda modificado como segue:

Un. O número 3 do artigo 10 queda redactado do seguinte modo:

«3. Da Subsecretaría dependen os seguintes órganos directivos con rango de dirección xeral:

- a) A Secretaría Xeral Técnica.
- b) A Dirección Xeral de Estatística e Análise Sociolaboral.»

Dous. Engádesse un número 6 no artigo 10, coa seguinte redacción:

«6. Queda adscrito ao departamento, a través da Subsecretaría de Emprego e Seguridade Social, o organismo autónomo Organismo Estatal Inspección de Traballo e Seguridade Social.»

Tres. Suprímese o artigo 12.

Catro. A disposición adicional terceira queda redactada da seguinte forma:

«Quedan suprimidas as seguintes subdireccións xerais:

- a) A Subdirección Xeral de Análise do Mercado de Traballo.
- b) A Subdirección Xeral da Economía Social e da Responsabilidade Social das Empresas.
- c) A Subdirección Xeral para a Coordinación en Materia de Relacións Laborais, Prevención de Riscos Laborais e Medidas de Igualdade.
- d) A Subdirección Xeral para a Inspección en Materia de Seguridade Social, Economía Irregular e Inmigración.
- e) A Subdirección Xeral de Relacións Institucionais e Asistencia Técnica.
- f) A Subdirección Xeral de Apoio á Xestión.

Cinco. A disposición adicional quinta queda redactada do modo seguinte:

«A Escola da Inspección de Traballo e Seguridade Social, con rango de subdirección xeral, queda adscrita ao director do organismo autónomo Organismo Estatal Inspección de Traballo e Seguridade Social. Rexerase polo establecido nos estatutos do dito organismo autónomo, aprobados polo Real decreto 192/2018, do 6 de abril, e polo disposto no Real decreto 1223/2009, do 17 de xullo.»

Disposición derradeira terceira. *Facultades de desenvolvemento e execución.*

Autorízase o titular do Ministerio de Emprego e Seguridade Social para que, logo do cumprimento dos trámites legais oportunos, adopte as medidas necesarias para o desenvolvemento e a execución deste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Modificacións orzamentarias.*

O Ministerio de Facenda e Función Pública efectuará as modificacións orzamentarias precisas para o cumprimento do previsto neste real decreto.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 6 de abril de 2018.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia e para as Administracións Territoriais,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN

ESTATUTOS DO ORGANISMO AUTÓNOMO ORGANISMO ESTATAL INSPECCIÓN DE TRABALLO E SEGURIDADE SOCIAL

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Natureza xurídica e adscrición.*

1. O Organismo Estatal Inspección de Traballo e Seguridade Social é un organismo autónomo dos previstos no artigo 84.1.a) 1.º da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, adscrito ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social a través da subsecretaría do departamento. A súa denominación é organismo autónomo Organismo Estatal Inspección de Traballo e Seguridade Social.

2. O Organismo ten personalidade xurídica pública diferenciada, patrimonio e tesouraría propios, así como autonomía de xestión e plena capacidade xurídica e de obrar. Dentro da súa esfera de competencias, correspóndenlle as potestades administrativas precisas para o cumprimento dos fins que lle encomenda Lei 23/2015, do 21 de xullo, ordenadora do Sistema de Inspección de Traballo e Seguridade Social, nos termos previstos nestes estatutos e no resto da normativa de aplicación, salvo a potestade expropiatoria.

As potestades administrativas que ten atribuídas facúltano, no seu ámbito competencial e a través dos órganos que integran a súa estrutura, para exercer a vixilancia do cumprimento das normas da orde social e exixir as responsabilidades pertinentes, así como o asesoramento e, de ser o caso, conciliación, mediación e arbitraje en tales materias.

Para a consecución dos fins anteriores, exercerá as potestades administrativas de planificación e programación da actuación inspectora, así como a de establecemento de instrucións de organización dos servizos, criterios operativos xerais e criterios técnicos vinculantes, nos termos e co alcance previsto nestes estatutos.

3. O Organismo rexerase polo previsto na Lei 23/2015, do 21 de xullo; na Lei 40/2015, do 1 de outubro; na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público; na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas; na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria; nestes estatutos, e no resto das normas de dereito administrativo xeral e especial que lle sexan de aplicación. Na falta de norma administrativa, aplicarase o dereito común.

4. A dirección estratéxica, a avaliación e o control da eficacia do Organismo corresponderá ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social, nos termos previstos nos artigos 85 e 98.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, sen prexuízo das competencias de control atribuídas á Intervención Xeral da Administración do Estado na Lei 47/2003, do 26 de novembro.

Artigo 2. *Funcións do Organismo.*

Corresponde ao organismo autónomo Organismo Estatal Inspección de Traballo e Seguridade Social o exercicio das funcións que a Lei 23/2015, do 21 de xullo, ordenadora do Sistema de Inspección de Traballo e Seguridade Social encomenda á Inspección de Traballo e Seguridade Social, sen prexuízo do establecido respecto das comunidades autónomas que recibiron o traspaso da función pública inspectora.

CAPÍTULO II

Órganos de dirección e de goberno e de participación institucional do organismo autónomo Organismo Estatal*Sección 1.ª Dos órganos de dirección e de goberno*

Artigo 3. *Órganos de dirección e de goberno e de participación institucional.*

1. O organismo autónomo Organismo Estatal Inspección de Traballo e Seguridade Social terá os seguintes órganos de dirección e de goberno:

- a) O Consello Reitor.
- b) O director.

2. Os actos e resolucións ditados polos órganos de dirección, no ámbito das súas respectivas competencias, porán fin á vía administrativa.

Estes actos e resolucións poderán ser impugnados potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou ou directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

3. Contará, así mesmo, cun consello xeral como órgano de participación institucional nas materias relativas ao Organismo.

Sección 2.ª Do Consello Reitor

Artigo 4. *O Consello Reitor.*

1. O Consello Reitor é un órgano colexiado formado por representantes da Administración xeral do Estado e das comunidades autónomas.

2. No non previsto nestes estatutos e no seu regulamento de funcionamento interno, o Consello Reitor rexeráse polo establecido na sección 3.ª do capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Artigo 5. *Composición do Consello Reitor.*

1. O Consello Reitor terá carácter paritario e estará integrado:

- a) Polo presidente, que será o titular do Ministerio de Emprego e Seguridade Social.
- b) Por dezasete vogais en representación de cada unha das comunidades autónomas, designados polo titular do Ministerio de Emprego e Seguridade Social por proposta vinculante daquelas.

c) Por dezaseis vogais en representación da Administración xeral do Estado, con rango mínimo de director xeral, designados polo titular do Ministerio de Emprego e Seguridade Social por proposta dos seguintes departamentos: nove polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social; un polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade; dous polo Ministerio de Facenda e Función Pública; un polo Ministerio do Interior; un polo Ministerio de Economía, Industria e Competitividade, un polo Ministerio de Xustiza, e un polo Ministerio da Presidencia e para as Administracións Territoriais. O director do Organismo formará parte, en todo caso, da representación da Administración xeral do Estado e asumirá a secretaría do Consello.

Un dos representantes do Ministerio de Emprego e Seguridade Social será o titular da subsecretaría do ministerio que asumirá a vicepresidencia e actuará como presidente cando este non acuda ás sesións. En tales supostos, co fin de manter o carácter paritario do Consello Reitor, asistirá en todo caso o suplente do subsecretario.

2. Designarase por cada grupo de representación igual número de suplentes para substituír os vogais titulares nos supostos de vacante, enfermidade, ausencia ou outra causa de imposibilidade de asistencia.

3. Asistirán, igualmente, ás sesións do Consello Reitor, con voz e sen voto, aqueles que sexan convocados por este para informar sobre asuntos da súa competencia ou especialidade.

4. O número máximo de membros do Consello Reitor que percibirán indemnizacións por asistencia, axudas de custo ou gastos de viaxe ou calquera outra indemnización ou compensación prevista no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, en ningún caso poderá superar os límites a que se refire o artigo 6.2 do Real decreto 451/2012, do 5 de marzo, polo que se regula o réxime retributivo dos máximos responsables e directivos no sector público empresarial e noutras entidades.

Artigo 6. *Funcións do Consello Reitor.*

Corresponde ao Consello Reitor:

a) Coñecer e aprobar os plans e programas xerais de actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social e as medidas e estratexias necesarias para a súa execución, e coñecer os plans e programas territoriais de actuación.

b) Establecer e impulsar medidas de colaboración con outras administracións, para o mellor exercicio das funcións encomendadas ao Organismo Estatal.

c) Aprobar a proposta do orzamento de ingresos e gastos do Organismo Estatal e ser informado da súa execución, así como aprobar as contas anuais.

d) Coñecer e emitir informe sobre as propostas normativas relativas ao Sistema de Inspección de Traballo e Seguridade Social, así como os criterios técnicos e procedementos operativos comúns para o desenvolvemento da función inspectora.

e) Adoptar propostas en relación coa posición estatal en materia de inspección de traballo e seguridade social no ámbito europeo e a execución das accións e programas que impulse a Unión Europea e a cooperación administrativa transnacional.

f) Adoptar propostas sobre as cuestións que se lle sometan en relación coa regulación e promoción da carreira profesional do persoal inspector, os procesos de ingreso, selección, formación e provisión de postos de traballo dos funcionarios dos corpos nacionais de Inspección, e a planificación dos recursos humanos e medios materiais do sistema.

g) Propor a adopción de acordos relativos á achega de recursos materiais, técnicos ou económicos do Organismo Estatal e ao perfeccionamento profesional dos efectivos do sistema, así como a adopción de criterios comúns sobre a estrutura territorial e funcional deste, sen prexuízo das competencias do Ministerio de Facenda e Función Pública e do establecido nas respectivas leis de orzamentos.

h) Aprobar os criterios para avaliar a eficacia e a calidade dos servizos do Organismo Estatal.

i) Coñecer os informes, as estatísticas e as memorias a que se refire o artigo 31.3.g) da Lei 23/2015, do 21 de xullo.

j) Aprobar, por proposta do titular da dirección do Organismo Estatal, os criterios de distribución dos postos de traballo de persoal inspector correspondentes á estrutura territorial do Organismo tendo en conta, ao menos, os indicadores de poboación activa, empregada e desempregada, a sinistralidade laboral e a extensión territorial.

Estes criterios teranse en conta tanto para a determinación da proposta de ingreso nos corpos de inspección como na fixación das prazas nos procesos de provisión de postos de traballo nos ditos corpos.

k) Aprobar o seu regulamento de funcionamento interno.

Artigo 7. *Réxime de funcionamento do Consello Reitor.*

1. O Consello Reitor poderá reunirse en pleno ou en comisión permanente.

2. O Pleno do Consello Reitor reunirase, en sesión ordinaria, unha vez por semestre. Tamén poderá reunirse en sesión extraordinaria cando sexa convocado polo seu presidente, con quince días de antelación, en atención a circunstancias de urxencia que o

aconsellen. Os acordos do Pleno adoptaranse, preferentemente, por consenso entre o presidente e os vogais e, de non ser posible, por maioría dos votos presentes e representados.

3. A Comisión Permanente estará formada polo titular da Dirección do Organismo, en calidade de presidente, tres vogais en representación da Administración xeral do Estado e catro vogais en representación das comunidades autónomas. Os tres representantes da Administración xeral do Estado designaraos o titular do Ministerio de Emprego e Seguridade Social e os catro representantes das comunidades autónomas designaranse por rotación anual na forma en que se acorde no Consello Reitor.

A Comisión Permanente poderá adoptar, por consenso, acordos respecto de asuntos que, por razóns de urxencia, non se poidan demorar á convocatoria dun Pleno, así como aqueles que lle fosen delegados polo Pleno. De tales acordos deberá dar conta no Pleno inmediatamente seguinte.

4. De conformidade co disposto no artigo 19.2.d) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, corresponderá a quen exerza a Presidencia do Pleno dirimir co seu voto os empates para efectos de adoptar acordos, salvo que dispoña outra cousa o regulamento de funcionamento interno do Consello Reitor.

5. Poderán constituírse grupos de traballo para o estudo ou a análise de materias determinadas, de acordo co que dispoña o regulamento de funcionamento interno.

Sección 3.^a Do director do Organismo Estatal

Artigo 8. O director do Organismo Estatal.

1. O titular da Dirección do Organismo, con rango de director xeral, será nomeado mediante real decreto, por proposta da persoa titular do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, entre funcionarios de carreira pertencentes a un corpo incluído no subgrupo A1.

2. Sen prexuízo das funcións atribuídas ao Consello Reitor, corresponderán ao titular da Dirección as funcións de representación do Organismo, así como a súa dirección e goberno.

Igualmente, exercerá as funcións propias da Autoridade Central da Inspección de Traballo e Seguridade Social, de acordo co establecido no artigo 4 do Convenio número 81 da Organización Internacional do Traballo.

3. Con carácter específico, corresponden ao titular da Dirección as seguintes funcións:

a) A dirección, organización, xestión e coordinación do funcionamento do Organismo Estatal.

b) Exeracer a representación do Sistema español de Inspección de Traballo e Seguridade Social nas institucións e en foros internacionais, así como da Unión Europea, sen prexuízo da participación das comunidades autónomas, na forma que se determine.

c) Propor proxectos de normas legais e regulamentarias en materias relacionadas coa Inspección de Traballo e Seguridade Social

d) Definir os plans e programas xerais de actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social, sen prexuízo da participación das comunidades autónomas.

e) Autorizar a adscrición á Oficina Nacional de Loita contra a Fraude das empresas que deban ser obxecto de comprobación e investigación por parte da Dirección Especial de Inspección, de acordo cos plans e programas xerais que se establezan.

f) Dirixir as funcións de alta inspección do Estado na orde social de acordo co establecido nos estatutos de autonomía, na forma establecida na disposición adicional novena da Lei 23/2015, do 21 de xullo.

g) Subscribir ou promover, de ser o caso, a subscripción de convenios coas comunidades autónomas ou con outras institucións do Estado en materias competencia do Organismo Estatal e asinalos cando non corresponda a unha autoridade superior.

h) Exercer a secretaría do Consello Reitor e presidir a Comisión Permanente do Consello Reitor.

i) Presidir o Consello Xeral do Organismo.

j) Elaborar e publicar informes, estatísticas e memorias sobre a actuación do Sistema de Inspección de Traballo e Seguridade Social cando se refiran ao ámbito xeral do territorio do Estado ou teñan por destinatario institucións do Estado ou órganos supranacionais ou internacionais, así como a súa presentación ás institucións de tales ámbitos, e elaborar a memoria anual e os informes periódicos exixidos polos convenios e recomendacións da Organización Internacional do Traballo sobre a Inspección de Traballo e Seguridade Social, e os relativos ao Comité de Altos Responsables da Inspección de Traballo da Unión Europea.

k) Exercer a xefatura do persoal e organizar e xestionar os recursos humanos e medios materiais e económicos do Organismo Estatal, especialmente en materia de indicadores para a medición da actividade individual e dos obxectivos colectivos, selección, formación e mobilidade, e funcionamento dos servizos administrativos.

l) Impulsar o desenvolvemento e a xestión dos sistemas de información necesarios para a planificación, a programación, o seguimento e a avaliación das actuacións inspectoras, así como de sistemas de análise e sistemas de xestión do coñecemento dirixidos a facilitar a actuación inspectora, sen prexuízo do disposto no artigo 14.3 dos presentes estatutos.

m) Subscribir os contratos en nome do Organismo, en exercicio das facultades que lle corresponden como órgano de contratación, conforme o establecido no artigo 100.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, e na lexislación sobre contratación do sector público.

n) Definir os criterios técnicos e operativos para o desenvolvemento da función inspectora, sen prexuízo da participación das comunidades autónomas.

o) Coñecer e resolver os expedientes e recursos sinalados pola normativa aplicable, así como de aqueles outros incoados pola Inspección e que non correspondan expresamente a outras autoridades das administracións públicas.

p) Coñecer das cuestións que se formulen ante o Ministerio de Emprego e Seguridade Social en relación con actuacións da Inspección de Traballo e Seguridade Social, sen prexuízo das competencias das autoridades autonómicas.

q) Elaborar a proposta de orzamento de ingresos e gastos do Organismo, así como o seguimento da execución orzamentaria e formular as contas anuais e rendelas, unha vez aprobadas, ao Tribunal de Contas, por conduto da Intervención Xeral da Administración do Estado.

r) Adoptar as instrucións sobre gardas e organización dos servizos nas materias competencia da Administración xeral do Estado, en coordinación coas comunidades autónomas.

s) Propor e coordinar os nomeamentos dos peritos xudiciais e do persoal do Organismo en funcións de auxilio xurisdiccional, así como coordinar outras actuacións de colaboración cos órganos xudiciais.

t) A relación institucional coas autoridades competentes das comunidades autónomas, para efectos de asegurar a coherencia xeral do sistema e promover a aplicación dos obxectivos xerais na súa actuación.

u) A aprobación e o compromiso de gastos, salvo os reservados pola lei á competencia do Goberno, así como o recoñecemento da obrigação e o pagamento das obrigações, a que se refire o artigo 74.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro.

v) Calquera outra que lle asigne a normativa vixente ou lle encomende o Consello Reitor.

4. En casos de vacante, ausencia ou enfermidade, o director do Organismo será substituído polos subdirectores xerais da súa dependencia, na orde en que aparecen mencionados no artigo 13, salvo que expresamente o director estableza outra orde de substitución.

*Sección 4.^a Do Consello Xeral**Artigo 9. O Consello Xeral.*

O Consello Xeral é o órgano de participación institucional das administracións públicas e dos interlocutores sociais nos asuntos relativos ao Organismo Estatal.

Artigo 10. Composición.

1. O Consello Xeral estará composto por oito representantes das administracións públicas integrantes do Consello Reitor, a razón de catro pola Administración xeral do Estado e outros catro polas das comunidades autónomas, por oito representantes das organizacións sindicais máis representativas e por oito representantes das organizacións empresariais máis representativas, en proporción, cada unha, á representatividade que posúan.

2. O Consello Xeral será presidido polo titular da dirección do Organismo Estatal, de acordo co previsto no artigo 8.4.i). Así mesmo, contará cunha vicepresidencia, que recaerá nun representante designado polas comunidades autónomas, e con outras dúas vicepresidencias, designadas polos outros dous grupos de representación.

Tamén contará cun secretario designado polo presidente entre os funcionarios do Organismo Estatal, que asistirá ás reunións con voz pero sen voto.

3. O mandato dos representantes das organizacións sindicais e empresariais do Consello Xeral será de catro anos e a súa designación faraa o titular do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, por proposta vinculante das organizacións.

4. Os representantes das administracións públicas integrantes do Consello Xeral designarao o titular do Ministerio de Emprego e Seguridade Social. Por parte da Administración xeral do Estado será representante nato no Consello Xeral o titular da dirección do Organismo Estatal. O resto dos representantes da Administración xeral do Estado e os catro representantes das comunidades autónomas designaranse por rotación anual na forma que se acorde no Consello Reitor.

5. Os representantes titulares do Consello Xeral poderán ser substituídos por suplentes nos supostos de vacante, enfermidade, ausencia ou outra causa de imposibilidade de asistencia. O presidente será substituído en supostos de ausencia, enfermidade ou outra causa de imposibilidade polo vicepresidente designado polas comunidades autónomas.

Artigo 11. Funcións.

O Consello Xeral terá funcións de información, audiencia e consulta nas materias das que teña coñecemento o Consello Reitor e respecto delas, na forma establecida nos números seguintes, correspóndelle:

1. Coñecer os acordos alcanzados no Consello Reitor do Organismo Estatal, os plans e programas territoriais de actuación aprobados polas comisións operativas autonómicas e os informes, estatísticas e memorias a que se refire o artigo 31.3.g) da Lei 23/2015, do 21 de xullo.

2. Emitir informe sobre as propostas que se lle formulen ao Consello Reitor nas seguintes materias:

a) Plans e programas xerais de actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social, así como das medidas e estratexias necesarias para a súa execución.

b) Propostas de criterios técnicos e procedementos operativos comúns para o desenvolvemento da función inspectora.

c) Proposta de orzamento de ingresos e gastos do Organismo, e as súas contas anuais.

d) Aspectos relativos á achega de recursos materiais, técnicos ou económicos do Organismo Estatal, así como á adopción de criterios comúns sobre a súa estrutura territorial e funcional.

e) Criterios para avaliar a eficacia e a calidade dos servizos do Organismo Estatal.

f) Os criterios de distribución dos postos de traballo de persoal inspector correspondentes á estrutura territorial do Organismo.

3. Coñecer, formular propostas e recomendacións en relación cos seguintes asuntos:

a) Propostas normativas relativas ao Sistema de Inspección de Traballo e Seguridade Social.

b) Prioridades de actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

c) Campañas de inspección de ámbito xeral e realización de actuacións inspectoras de ámbito supraautonómico.

d) Posición estatal en materia de Inspección de Traballo e Seguridade Social no ámbito europeo ou internacional, e execución de accións e programas que impulse a Unión Europea e a cooperación administrativa transnacional.

e) Aspectos relativos ao ingreso, selección, formación e provisión de postos de traballo dos funcionarios dos corpos nacionais de inspección e planificación dos recursos humanos e medios materiais do sistema.

f) Perfeccionamento profesional do persoal do Organismo.

4. Aprobar o seu regulamento de funcionamento interno.

5. Cantas outras funcións resulten propias da súa condición de órgano consultivo de participación do organismo autónomo Organismo Estatal Inspección de Traballo e Seguridade Social.

Artigo 12. *Réxime de funcionamento.*

1. O Consello Xeral funcionará en pleno ou en comisión permanente.

Os seus acordos adoptaranse, preferentemente, por consenso e, de non ser posible, por maioría absoluta dos votos presentes e representados.

2. O Pleno reunirase, en sesión ordinaria, unha vez por semestre. Tamén poderá reunirse en sesión extraordinaria cando sexa convocado polo seu presidente en atención a circunstancias de urxencia que o aconsellen, ou por petición de calquera das partes integrantes del.

3. A Comisión Permanente estará formada polo titular da dirección do Organismo, que a presidirá, e outros tres representantes das administracións públicas integrantes do Consello, catro representantes das organizacións sindicais máis representativas e catro representantes das organizacións empresariais máis representativas. Os tres representantes das administracións públicas designaranse por rotación anual entre os membros do Consello Xeral, na forma en que acorde o Consello Reitor.

A Comisión Permanente poderá adoptar acordos sobre asuntos que por razóns de urxencia non se poidan demorar ao Pleno, así como sobre aqueles que lle fosen delegados polo Pleno. Dos seus acordos dará conta ao Pleno inmediatamente seguinte.

4. De conformidade co disposto no artigo 19.2.d) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, corresponderá a quen exerza a presidencia do Pleno ou da Comisión Permanente dirimir co seu voto os empates, para efectos de adoptar acordos, salvo que dispoña outra cousa o seu regulamento de funcionamento interno.

5. O resto das cuestións relativas ao réxime de funcionamento determinaranse no regulamento de funcionamento interno do Consello Xeral.

CAPÍTULO III

Estrutura administrativa central

Sección 1.ª Da estrutura central do organismo autónomo Organismo Estatal Inspección de Traballo e Seguridade Social

Artigo 13. *Estrutura central do Organismo Estatal.*

1. Son órganos da estrutura central do Organismo Estatal, con nivel de subdirección xeral, dependentes do director:

- a) A Oficina Nacional de Loita contra a Fraude.
- b) A Subdirección Xeral para a Coordinación da Inspección do Sistema de Relacións Laborais.
- c) A Subdirección Xeral de Relacións Institucionais e Asistencia Técnica.
- d) A Secretaría Xeral.

2. Queda adscrita, igualmente, ao director do Organismo, con nivel de subdirección xeral, a Escola da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

O nomeamento dos titulares da Oficina de Loita contra a Fraude, a Subdirección Xeral para a Coordinación da Inspección do Sistema de Relacións Laborais e a Subdirección Xeral de Relacións Institucionais e Asistencia Técnica efectuarase entre funcionarios pertencentes ao corpo superior de inspectores de traballo e Seguridade Social.

3. Como órgano de asesoramento ao director e presidida por este, existirá unha xunta consultiva da Inspección de Traballo e Seguridade Social, constituída polos directores territoriais, o director especial e os titulares dos órganos directivos do Organismo e funcionarios do sistema que en cada caso se convoquen.

Artigo 14. *Xestión compartida de servizos comúns.*

1. A preparación e a tramitación dos expedientes de contratación levaranse a cabo en réxime de xestión compartida cos servizos comúns da subsecretaría do departamento, ben que actuando segundo os criterios de gasto e as directrices do Organismo Estatal.

2. O relativo á elaboración e actualización do inventario de bens mobles e inmobles centrais e periféricos, a elaboración de proxectos de obras de construción, reforma e reparación de edificios, e a supervisión e control de proxectos de obras con carácter previo e posterior á súa contratación polos órganos competentes, será realizado pola Oficialía Maior dependente da subsecretaría do departamento, ben que actuando segundo os criterios de gasto e as directrices do Organismo Estatal.

3. As funcións de planificación, creación, desenvolvemento, modificación e xestión de sistemas de información necesarios para o funcionamento dos servizos non específicos da función desenvolvida pola Inspección de Traballo e Seguridade Social, a xestión e administración das redes de comunicacións de telefonía e datos e dos sistemas de seguridade e confidencialidade asociados, a administración da presenza na internet, e o impulso e coordinación da política informática realizaraos a Subdirección Xeral de Tecnoloxías da Información e Comunicacións, dependente da subsecretaría do departamento, a partir dos criterios e das directrices do Organismo Estatal.

4. A asistencia xurídica será, así mesmo, prestada en réxime de servizo común co resto das unidades e organismos do departamento.

5. O persoal destas unidades dependentes da subsecretaría do departamento, que preste servizos en réxime de xestión compartida a que se refire este artigo, manterá a súa dependencia da subsecretaría.

*Sección 2.^a Da Oficina Nacional de Loita contra a Fraude**Artigo 15. Oficina Nacional de Loita contra a Fraude.*

A Oficina Nacional de Loita contra a Fraude é o órgano encargado do impulso e da coordinación da aplicación das medidas de loita contra o traballo non declarado, o emprego irregular, a fraude á Seguridade Social e cantas outras se determinen, así como da súa coordinación e integración co conxunto da actuación inspectora.

Artigo 16. Funcións da Oficina.

Corresponden á Oficina Nacional as seguintes funcións:

- a) A análise dos comportamentos e condutas fraudulentos nas materias da súa competencia e a adopción de iniciativas para a formulación de estratexias xerais para loitar precozmente contra eles.
- b) Elaborar os programas e plans xerais de actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social en materia de loita contra o traballo non declarado, o emprego irregular e a fraude á Seguridade Social, así como o seu impulso e coordinación de tales programas entre os órganos centrais e territoriais de inspección.
- c) Elaborar os plans de actuación da Unidade Especial de Inspección en materia de formación profesional para o emprego competencia da Administración xeral do Estado, integrándoos nos plans e programas territoriais de inspección, cando así fose aprobado pola Comisión Operativa Autonómica da Inspección de Traballo e Seguridade Social.
- d) A definición de métodos de traballo e procedementos de investigación e comprobación inspectora en materia de loita contra a fraude.
- e) Exercer as competencias en materia de procedementos sancionadores e expedientes liquidatorios por cotas da Seguridade Social e outros conceptos de recadación conxunta iniciados pola Inspección de Traballo e Seguridade Social, de acordo co disposto na normativa específica na materia.
- f) Establecer e desenvolver os mecanismos de cooperación e colaboración necesarios cos centros directivos, entidades xestoras, servizos comúns e organismos autónomos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social.
- g) Asumir, no ámbito das competencias da Inspección de Traballo e Seguridade Social, as funcións de comunicación, coordinación e colaboración en materia de loita contra a fraude con outros departamentos da Administración xeral do Estado, coas comunidades autónomas ou outras administracións públicas.
- h) Coordinar as actuacións con outros departamentos ou administracións públicas que colaboran na loita contra a fraude no marco dos correspondentes convenios.
- i) O control e seguimento das actuacións realizadas, así como a súa avaliación periódica sobre o seu grao de cumprimento e eficacia.
- j) Propor ao titular da dirección do Organismo Estatal a celebración de convenios de colaboración con outras administracións públicas en materia de loita contra a fraude.
- k) Cantas outras lle sexan especificamente atribuídas polo titular da dirección do Organismo.

Artigo 17. Coordinación administrativa.

A Oficina contará co auxilio e coa colaboración a que se refire o artigo 16 da Lei 23/2015, do 21 de xullo, con obxecto de lograr a máxima coordinación e eficacia na actuación inspectora en materia de loita contra a fraude en función das diversas áreas materiais implicadas. Para estes efectos, poderá subscribir convenios de colaboración e practicar os requirimentos de información que resulten necesarios.

Así mesmo, contará con axentes de enlace designados por outros departamentos e polas comunidades autónomas para a coordinación das actuacións, os cales manterán a dependencia orgánica da súa Administración ou departamento de adscrición e serán retribuídos con cargo aos orzamentos destes.

Sección 3.ª Da Subdirección Xeral para a Coordinación da Inspección do Sistema de Relacións Laborais

Artigo 18. *Funcións.*

Corresponderán á Subdirección Xeral para a Coordinación da Inspección do Sistema de Relacións Laborais as seguintes funcións:

- a) A análise, en coordinación coas comunidades autónomas, dos comportamentos e condutas infractoras nas materias da súa competencia, e a adopción de iniciativas para a formulación de estratexias xerais para loitar precozmente contra eles, no marco dos órganos de participación previstos en esta lei.
- b) A coordinación coas comunidades autónomas da actuación inspectora sobre as materias laborais, de prevención de riscos laborais e medidas de igualdade cuxa competencia de execución corresponda ás comunidades autónomas ou que se lle puidesen encomendar á Inspección mediante convenios de colaboración.
- c) A elaboración, en colaboración coas comunidades autónomas, de plans e programas de alcance xeral nas materias a que se refire a letra anterior, así como o seguimento e a avaliación dos resultados alcanzados.
- d) A definición de métodos de traballo e procedementos de investigación e comprobación inspectora no seu ámbito material de competencias, en colaboración coas comunidades autónomas.
- e) A coordinación de actuacións con outros órganos do departamento e as relacións con outros organismos da Administración xeral do Estado en relación coas materias indicadas nas letras anteriores, en particular, nos programas de actuación para combater a sinistralidade laboral.
- f) A colaboración coa Fundación para a Prevención de Riscos Laborais, para efectos de lograr un mellor cumprimento dos fins da Fundación.
- g) Cantas outras funcións lle poida encomendar o titular da dirección do Organismo Estatal.

Sección 4.ª Da Subdirección Xeral de Relacións Institucionais e Asistencia Técnica

Artigo 19. *Funcións.*

A Subdirección Xeral de Relacións Institucionais e Asistencia Técnica terá as seguintes funcións:

- a) A coordinación da relación institucional, en particular, coas comunidades autónomas.
- b) A asistencia técnica á actuación inspectora a través da proposta de instrucións, da proposta de criterios técnicos e operativos e de consultas, en coordinación coas autoridades competentes por razón da materia.
- c) A elaboración de proxectos de disposicións de carácter xeral relativas ao Sistema de Inspección de Traballo e Seguridade Social.
- d) A preparación das convocatorias das probas selectivas para o acceso aos corpos do sistema, así como dos programas consonte os cales se deben executar as ditas probas.
- e) O establecemento, seguimento e control dos indicadores de eficiencia e eficacia da actuación inspectora e a supervisión do funcionamento das distintas unidades mediante un procedemento de auditoría interna.
- f) A coordinación ou execución, de ser o caso, de actuacións relativas ás relacións internacionais, así como a recepción e remisión da información relativa á asistencia mutua internacional derivada de actuacións inspectoras en materias competencia do Sistema de Inspección.
- g) A elaboración do programa editorial da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

h) Calquera outra que lle encomende o titular da dirección xeral do Organismo Estatal.

Sección 5.^a Da Secretaría Xeral

Artigo 20. Funcións.

Corresponde á Secretaría Xeral o desenvolvemento das seguintes funcións:

a) A xestión e administración dos recursos humanos do Organismo Estatal, a elaboración de propostas de relacións de postos de traballo, a tramitación dos procesos para a cobertura de postos de traballo, a acción social e a prevención de riscos laborais.

b) A planificación e xestión dos medios materiais e económicos necesarios para o desenvolvemento das funcións encomendadas ao organismo autónomo Organismo Estatal Inspección de Traballo e Seguridade Social.

c) A elaboración do anteproxecto de orzamento do Organismo Estatal, así como o seguimento da execución orzamentaria e a tramitación, de ser o caso, de modificacións orzamentarias e a súa xestión económica, financeira e contable.

d) A xestión dos ingresos e gastos, a realización dos cobramentos e pagamentos e a xestión da tesouraría.

e) A custodia, a administración, a conservación e o mantemento dos bens inmobles, adscritos ou en propiedade, do Organismo Estatal e a tramitación dos expedientes de adscrición e desadscrición.

f) A seguranza, réxime interior, asuntos xerais e a coordinación e inspección das unidades, instalacións e servizos do Organismo Estatal.

g) Calquera outra que lle encomende o titular da Dirección do Organismo.

Sección 6.^a Da Escola da Inspección de Traballo e Seguridade Social

Artigo 21. A Escola da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

1. A Escola da Inspección de Traballo e Seguridade Social constitúe a unidade especializada do Organismo Estatal en materia de formación e estudos.

2. Son funcións da Escola da Inspección de Traballo e Seguridade Social, sen prexuízo das competencias que correspondan ás comunidades autónomas que recibisen o traspaso dos funcionarios e dos servizos da Inspección de Traballo, as seguintes:

a) Organizar, dirixir e avaliar os cursos, programas e accións formativas orientados á formación permanente dos integrantes do Sistema de Inspección de Traballo e Seguridade Social, así como doutros empregados públicos en materias relacionadas coa función inspectora, en coordinación coa que con carácter territorial leven a cabo as comunidades autónomas.

Poderá tamén a Escola, sen prexuízo da competencia doutras unidades administrativas, levar a cabo a formación do persoal que serve de apoio administrativo á xestión do Sistema de Inspección.

b) A asistencia e colaboración cos tribunais previstos nas convocatorias de procesos selectivos para o ingreso, así como a organización dos correspondentes cursos selectivos de formación para o acceso aos corpos nacionais do Sistema de Inspección de Traballo e Seguridade Social.

O desenvolvemento e a execución dos programas de formación dos corpos nacionais do Sistema de Inspección de Traballo e Seguridade Social poderase facer de forma descentralizada e estarán orientados á mellora tanto dos contidos operativos das funcións xurídicas propias da acción administrativa, coma dos científico-técnicos necesarios para o exercicio da totalidade das funcións atribuídas aos corpos da Inspección de Traballo e Seguridade Social, sen prexuízo da adscrición funcional ás unidades especializadas existentes.

c) Promover coa participación doutros operadores sociais o estudo, a investigación e a reflexión sobre as novas situacións con impacto nos fins da inspección que se suscitan no ámbito sociolaboral con efectos sociais e xurídicos.

d) A preparación e impartición de másters, cursos e programas de posgrao, logo dos acordos de colaboración coas diferentes universidades.

3. No non previsto nestes estatutos, as atribucións, a organización e o funcionamento da Escola da Inspección de Traballo e Seguridade Social rexeranse polo disposto no Real decreto 1223/2009, do 17 de xullo, polo que se crea a Escola de Inspección de Traballo e Seguridade Social.

CAPÍTULO IV

Estrutura administrativa de ámbito territorial

Sección 1.^a Da estrutura territorial do organismo autónomo Organismo Estatal Inspección de Traballo e Seguridade Social

Artigo 22. Estructuración territorial do Organismo Estatal.

Para o desenvolvemento das funcións indicadas no título II, capítulo I da Lei 23/2015, do 21 de xullo, o organismo autónomo Organismo Estatal Inspección de Traballo e Seguridade Social desprégase territorialmente nas seguintes unidades, dependente do director do Organismo:

- a) Unha Dirección Especial de Inspección de Traballo e Seguridade Social.
- b) Unha dirección territorial da Inspección de Traballo e Seguridade Social en cada comunidade autónoma.
- c) Unha Inspección Provincial de Traballo e Seguridade Social en cada provincia e nas cidades de Ceuta e Melilla.

Artigo 23. Carácter de servizos non integrados.

1. As direccións territoriais do Organismo e as inspeccións provinciais, pola singularidade das súas funcións e volume de xestión, teñen a condición de servizos non integrados nas delegacións do Goberno, con dependencia directa do titular da dirección do Organismo, que dirixirá e coordinará a súa actuación de acordo co establecido nestes estatutos.

2. Estes servizos non integrados estrutúranse conforme establecen estes estatutos, de acordo co disposto no artigo 71 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, todo isto sen prexuízo das competencias atribuídas aos delegados do Goberno pola dita lei respecto de tales servizos.

Sección 2.^a Da Dirección Especial

Artigo 24. Competencia e funcións.

1. A Dirección Especial de Inspección ten competencia para actuar na totalidade do territorio español nos ámbitos a que se refire o artigo 12.1 da Lei 23/2015, do 21 de xullo. En tales ámbitos, a Dirección Especial asumirá funcións de coordinación nas actuacións inspectoras sobre empresas, sectores ou situacións que excedan o ámbito territorial dunha comunidade autónoma, así como as que versen sobre os entes, organismos e entidades que forman parte do sector público estatal.

2. No ámbito das competencias da Administración xeral do Estado, a Dirección Especial poderá desempeñar, xunto coa coordinación, a dirección ou o directo desenvolvemento, de ser o caso, das seguintes actuacións:

- a) Actuacións inspectoras sobre empresas, sectores ou situacións que excedan o ámbito territorial dunha comunidade autónoma.
- b) Actuacións inspectoras sobre os entes, organismos e entidades que forman parte do sector público estatal.
- c) A inspección das mutuas colaboradoras coa Seguridade Social e as actuacións inspectoras relativas á colaboración voluntaria das empresas na xestión da Seguridade Social.
- d) A inspección de centros da Administración do Estado, en canto ás súas sedes centrais ou cando a actuación exceda o ámbito autonómico.
- e) As actuacións inspectoras que correspondan a programas xerais, a obxectivos sinalados por órganos da Unión Europea na esfera da súa competencia, ou os que se acorden respecto de materias de competencia compartida, sen prexuízo da competencia que corresponda ás comunidades autónomas.
- f) A emisión dos informes que lle solicite a Administración xeral do Estado.
- g) As actuacións que lle sexan encomendadas polos órganos de dirección do Organismo Estatal, na esfera da súa competencia.

3. Anualmente, a Dirección Especial efectuará a programación da súa actuación e comunicarllela ás direccións territoriais que, pola súa vez, darán traslado desta ás inspeccións provinciais. Igualmente comunicará, con carácter previo, calquera outra actuación de carácter extraordinario.

4. A Dirección Especial, nos supostos a que se refire este artigo, coordinará, no ámbito operativo, as actuacións das direccións territoriais e inspeccións provinciais do Organismo Estatal e asumirá a súa dirección técnica baixo o principio de unidade de acción e de criterio.

5. A Dirección Especial, coas estruturas especializadas que sexan necesarias, desenvolverá as funcións anteriores e cantas outras lle correspondan cos medios que teña asignados. A Dirección Especial poderá ordenar a unha ou varias estruturas territoriais do Organismo Estatal a súa participación en accións ou operacións das sinaladas no número 2, baixo a súa dirección, exercerá a súa coordinación e establecerá o método e os criterios de actuación. Cando outro órgano da estrutura territorial proxecte actuar en supostos comprendidos no número 2 ou comprobe na súa actuación situacións de tal carácter, isto porase en coñecemento da Dirección Especial para os efectos que procedan.

6. En todo o posible, a Dirección Especial colaborará coas administracións autonómicas, por petición destas, mediante o seu asesoramento ou información. No ámbito das competencias da Administración xeral do Estado e en función das necesidades e efectivos dispoñibles, a Dirección do Organismo Estatal poderá dispor o reforzo temporal das inspeccións provinciais por parte da Dirección Especial.

7. A Dirección Especial ten as facultades de dirección, programación, organización e control que se atribúen aos responsables dos órganos inspectores territoriais, nos termos destes estatutos.

Artigo 25. *Actuacións en comunidades autónomas con traspaso de funcións inspectoras.*

Nas comunidades autónomas que recibisen o traspaso de funcións e servizos en materia de función pública inspectora, a Dirección Especial de Inspección coordinarase, sobre o mesmo principio de unidade de acción e de criterio, cos servizos de inspección adscritos organicamente ás ditas comunidades. Os termos e o alcance do exercicio desta coordinación estableceranse no órgano de cooperación multilateral a que se refire o número 2 da disposición adicional oitava da Lei 23/2015, do 21 de xullo.

Artigo 26. *Estrutura.*

1. Á fronte da Dirección Especial haberá un director especial, designado entre funcionarios pertencentes ao corpo superior de inspectores de Traballo e Seguridade Social con máis de oito anos de servizos en postos da estrutura central ou territorial da

Inspección de Traballo e Seguridade Social, incluíndo postos de inspección ou de xefatura de inspeccións con dependencia orgánica dunha comunidade autónoma.

2. A relación de postos de traballo determinará os postos, niveis e demais circunstancias do director especial e do resto de inspectores, subinspectores e persoal de apoio da Dirección Especial.

3. Corresponde ao titular da Dirección Especial o exercicio das competencias en materia de procedementos sancionadores, así como os expedientes liquidatorios por cotas da Seguridade Social e outros conceptos de recadación conxunta iniciados pola Inspección de Traballo e Seguridade Social, de acordo co disposto na normativa específica na materia.

Sección 3.^a Das direccións territoriais

Artigo 27. Direccións territoriais.

1. As direccións territoriais do Organismo desenvolven as actuacións inspectoras da súa competencia e dirixen e coordinan a actuación das inspeccións provinciais, dentro do territorio de cada comunidade autónoma, coa estrutura e cos medios precisos para o correcto desenvolvemento da súa función.

2. A Dirección Territorial radicará na localidade ou provincia onde estea situada a capital autonómica, salvo que se determine outra cousa mediante acordo entre as administracións do Estado e a autonómica.

3. Nas comunidades autónomas uniprovinciais, o dispositivo inspector e os seus servizos administrativos serán comúns e con estrutura única para a Dirección Territorial e a Inspección Provincial. O mesmo criterio se aplicará cando as titularidades da Dirección Territorial e da Inspección Provincial da sede autonómica concorran no mesmo inspector debido a que a dimensión e complexidade da acción inspectora no territorio dunha comunidade autónoma o xustifiquen.

4. As direccións territoriais asumirán o desenvolvemento e a execución dos programas de actuación inspectora establecidos con carácter xeral pola dirección do Organismo para o seu ámbito xeográfico, así como daquelas actuacións que lle sexan encomendadas pola dirección do Organismo ou se establezan nos órganos de cooperación bilateral no ámbito da comunidade autónoma.

5. A Dirección Territorial constitúe a unidade administrativa de destino dos funcionarios do organismo autónomo Organismo Estatal Inspección de Traballo e Seguridade Social no despregamento autonómico, dispón de capacidade funcional, administrativa, operativa e de xestión orzamentaria e está dotada de medios persoais, materiais e operativos que permitan unha acción inspectora integral no seu territorio.

Poderase habilitar persoal inspector destinado nas inspeccións provinciais para desenvolver actuacións de ámbito autonómico ou pluriprovincial baixo a dirección do titular da dirección territorial.

Artigo 28. Directores territoriais.

1. Os directores territoriais do Organismo Estatal serán designados entre inspectores de Traballo e Seguridade Social con máis de seis anos de servizos en postos da estrutura central ou territorial da Inspección de Traballo e Seguridade Social, incluíndo postos de inspección ou de xefatura de inspeccións con dependencia orgánica dunha comunidade autónoma. En tal designación contarase coa participación da comunidade autónoma nos termos previstos no convenio de colaboración, en cumprimento do establecido no artigo 73.1.a)3.º da Lei 40/2015, do 1 de outubro. Dependerán funcionalmente da Administración xeral do Estado ou da Administración autonómica correspondente, en atención á competencia material obxecto das actuacións inspectoras en que interveñan.

2. Os directores territoriais poderán asumir as funcións propias do xefe de Inspección Provincial nas provincias en que radique a súa sede, cando así se determine e, en todo

caso, nas comunidades autónomas uniprovinciais. Nas cidades de Ceuta e Melilla non existirá dirección territorial.

3. Os directores territoriais terán as seguintes funcións:

a) Dirixir o desenvolvemento das actuacións inspectoras no ámbito da comunidade autónoma, asegurando a interlocución permanente coas autoridades autonómicas conforme o establecido no respectivo acordo de cooperación.

b) Coordinar a Comisión Operativa Autonómica da Inspección de Traballo e Seguridade Social a que se refire o artigo 34 da Lei 23/2015, do 21 de xullo.

c) Coordinar a actuación dos xefes das inspeccións provinciais de Traballo e Seguridade Social do seu territorio.

d) Desenvolver a relación orgánica e a inherente á súa dependencia funcional coas autoridades autonómicas e estatais competentes. Para tales efectos, informarán trimestralmente ou nos prazos que se determine nos convenios subscritos coa comunidade autónoma o titular da dirección do Organismo e a Comisión Operativa Autonómica da Inspección de Traballo e Seguridade Social a que se refire o artigo 34 da Lei 23/2015, do 21 de xullo, ou órganos de cooperación equivalente, sobre as actuacións, resultados e incidencias da actuación inspectora no seu territorio.

e) Propor as medidas para o apoio técnico e a colaboración pericial para o desempeño da actuación inspectora en materia de seguridade e saúde laboral, en aplicación das regras que se acordasen.

f) Pór de manifesto á dirección do Organismo e ás autoridades autonómicas as necesidades existentes para o desempeño da función inspectora no seu ámbito territorial, e propor razoadamente as súas posibles solucións.

g) Impulsar e exercer a coordinación cos organismos xestores dos sistemas de protección social pública.

h) Coñecer e resolver os recursos da súa competencia nos termos sinalados na normativa aplicable.

i) O exercicio das competencias en materia de procedementos sancionadores e expedientes liquidatorios por cotas da Seguridade Social e outros conceptos de recadación conxunta iniciados pola Inspección de Traballo e Seguridade Social, de acordo co disposto na normativa específica na materia.

j) Elevar ao titular da dirección do Organismo as propostas que, pola súa transcendencia ou interese xeral, determinen a conveniencia de establecer criterios técnicos comúns para a actuación inspectora.

k) Formar parte dos órganos colexiados que resulten do respectivo acordo bilateral, así como da Xunta Consultiva a que se refire o artigo 8.3.

l) Levar a cabo ou encomendar a outro inspector as actuacións inspectoras nos centros da Administración do Estado, en canto a actuación exceda o ámbito provincial e non supere o autonómico.

m) Calquera outra de natureza análoga ás anteriores ou que lle poidan encomendar a dirección do Organismo, a autoridade autonómica ou o órgano bilateral de cooperación constituído entre as administracións competentes.

4. Para o desenvolvemento e a execución dos programas de actuación inspectora a que se refire o artigo 27.4, terán as funcións establecidas para os xefes das inspeccións provinciais no 30.2.b), c), f), j) e k).

5. En caso de vacante, ausencia ou enfermidade, os directores territoriais serán substituídos polo xefe de Inspección da provincia en que radique a súa sede ou, na súa falta, polo xefe ou xefe adxunto que se determine. Nas comunidades uniprovinciais substituiráos o xefe de unidade ou inspector que se determine.

*Sección 4.ª Das inspeccións provinciais de Traballo e Seguridade Social**Artigo 29. Inspeccións provinciais de Traballo e Seguridade Social.*

1. En cada provincia, así como nas cidades de Ceuta e Melilla, existirá unha Inspección Provincial, que asumirá o exercicio da función inspectora atribuída ao Organismo Estatal no correspondente territorio. Nas comunidades autónomas das Illas Balears e das Illas Canarias, a súa organización e dotación poderá responder ás peculiaridades derivadas da insularidade.

2. Malia o disposto no número anterior, mediante acordo entre a Administración xeral do Estado e a da Comunidade Autónoma respectiva poderá organizarse o despregamento periférico do Organismo Estatal sobre unha base diferente, como consecuencia de peculiaridades do seu territorio.

3. Sen prexuízo das funcións que corresponden ao respectivo director territorial, cada Inspección Provincial depende organicamente do director do Organismo e funcionalmente da autoridade da Administración competente nas materias en que actúe.

4. A Inspección Provincial constitúe a unidade administrativa de destino dos funcionarios do Sistema de Inspección no despregamento provincial sen prexuízo do disposto no número 2 deste artigo, dispón de capacidade funcional, administrativa e, de ser o caso, de xestión orzamentaria e está dotada dos medios persoais, materiais e operativos que permitan unha acción inspectora integral no seu territorio.

5. Cada Inspección Provincial integrará as unidades especializadas que exixan as súas necesidades segundo a relación de postos de traballo e organizará o seu funcionamento con base nos equipos de inspección a que se refire o artigo 31.

Artigo 30. Xefes da Inspección Provincial de Traballo e Seguridade Social.

1. Os xefes das inspeccións provinciais de Traballo e Seguridade Social dirixen e organizan a Inspección de Traballo e Seguridade Social na súa provincia, baixo a coordinación do titular da Dirección Territorial.

Serán designados entre inspectores de Traballo e Seguridade Social con máis de cinco anos de servizos en postos da estrutura central ou territorial da Inspección de Traballo e Seguridade Social, incluíndo postos de inspección ou de xefatura de inspeccións con dependencia orgánica dunha comunidade autónoma, oída a autoridade correspondente da comunidade autónoma con competencias na orde social en cumprimento do artigo 73.1.a) da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

2. O xefe da Inspección Provincial de Traballo e Seguridade Social, asistido, de ser o caso, polo xefe adxunto e polos das unidades especializadas que estableza a relación de postos de traballo, terá as seguintes funcións:

a) Levar a cabo as relacións cos órganos competentes da comunidade autónoma e da Administración xeral do Estado no ámbito da súa provincia, no exercicio das funcións atribuídas ao organismo autónomo Organismo Estatal Inspección de Traballo e Seguridade Social.

b) Programar a acción en cumprimento dos obxectivos asignados; dirixir a asignación de servizos ás unidades especializadas, inspectores e equipos, e o seu rexistro por orde cronolóxica; controlar os termos e prazos para as actuacións; velar polo cumprimento das instrucións e programación de servizos de funcionamento da Inspección.

c) Supervisar e controlar a dilixencia no cumprimento de servizos por parte de unidades, inspectores e equipos de inspección, e a calidade dos seus resultados, devolvendo para a súa corrección os que resulten incompletos, defectuosos ou que contraríen os criterios técnicos establecidos para o efecto.

d) Realizar ou encomendar a outro inspector as actuacións en centros xestionados pola Administración do Estado na provincia.

e) O exercicio das competencias en materia de procedementos sancionadores e expedientes liquidatorios por cotas da Seguridade Social e outros conceptos de recadación

conxunta iniciados pola Inspección de Traballo e Seguridade Social, de acordo co disposto na normativa específica na materia.

f) Remitir aos órganos xurisdicionais os informes solicitados e promover as actuacións xudiciais que procedan mediante o traslado das comunicacións que correspondan ao Ministerio Fiscal.

g) Representar na provincia o organismo autónomo Organismo Estatal Inspección de Traballo e Seguridade Social, para o que poderá delegar a asistencia noutro inspector.

h) Propor ao titular da dirección do Organismo Estatal a designación do inspector que deba substituílo, cando proceda.

i) Elevar ao director do Organismo e ao director territorial un informe trimestral sobre as incidencias da actuación inspectora no seu territorio e un informe anual sobre o cumprimento da lexislación da orde social e sobre o funcionamento e estado da Inspección Provincial.

j) Formular as propostas de gastos de indemnización por axudas de custo e locomoción de inspectores e subinspectores, visar e remitir as súas contas xustificativas e exercer as demais competencias orzamentarias.

k) Manter reunións periódicas cos funcionarios do cadro de persoal provincial para a súa mellor coordinación e eficacia, e vixiar o funcionamento dos servizos.

l) Calquera outra de natureza análoga ás anteriores ou que lle poidan encomendar os órganos superiores.

3. Nas provincias en que pola súa dimensión se determine na relación de postos de traballo, existirán un ou varios xefes adxuntos, que serán designados polo titular da dirección do Organismo entre inspectores de Traballo e Seguridade Social con máis de catro anos de servizos en postos a que se refire o parágrafo segundo do número 1, aos cales lles corresponderán as funcións que se sinalen.

Sección 5.^a Das unidades especializadas de inspección

Artigo 31. Unidades especializadas de inspección.

1. As unidades especializadas de acción inspectora intégranse na Dirección Especial, así como nas direccións territoriais e inspeccións provinciais de Traballo e Seguridade Social, e pódense estruturar en áreas funcionais de inspección. A súa constitución e composición responderá ás circunstancias de cada territorio, segundo o que establezan as relacións de postos de traballo e, de ser o caso, mediante o convenio a que se refire o artigo 25.2 da Lei 23/2015, do 21 de xullo.

No ámbito das competencias das comunidades autónomas constituiranse unidades especializadas en materia de seguridade e saúde laboral, relacións laborais e medidas de igualdade, nas direccións territoriais e inspeccións provinciais que se determine.

2. Os xefes das unidades especializadas dependerán do director especial, do director territorial ou do xefe da Inspección Provincial que corresponda. Serán nomeados entre inspectores de Traballo e Seguridade Social con máis de tres anos de servizos en postos da estrutura central ou territorial da Inspección de Traballo e Seguridade Social, incluíndo postos de inspección ou de xefatura de inspeccións con dependencia orgánica dunha comunidade autónoma, sen prexuízo do que estableza o convenio bilateral, de ser o caso.

3. Sen prexuízo das facultades do xefe da respectiva unidade territorial, corresponden aos xefes das unidades especializadas as seguintes funcións:

a) Organizar a acción inspectora e o funcionamento da súa unidade e da área funcional asignada, para a coordinación coas demais estruturas da unidade territorial.

b) Dirixir, programar, coordinar e valorar as actuacións na súa área funcional.

c) Formular, por delegación do xefe da unidade territorial, as ordes de servizo dos inspectores e equipos que correspondan á súa esfera funcional.

d) Celebrar reunións periódicas cos xefes dos equipos de inspección en materias do seu ámbito funcional, para efectos de ordenar a súa actuación.

e) Realizar as funcións e tarefas que lle sexan asignadas polo xefe da unidade territorial.

4. As unidades especializadas integrarán un ou máis equipos de inspección naquelas demarcacións en que o seu volume e complexidade o fagan necesario.

5. Os funcionarios da Inspección de Traballo e Seguridade Social asignados a unidades especializadas e os integrados como especialistas nos equipos exercerán todas as funcións propias do seu corpo de pertenza, aínda que con carácter preferente aquelas que correspondan á área funcional encomendada. A asignación destes funcionarios a funcións especializadas non implicará diferenzas de réxime retributivo en relación co común do sistema.

Artigo 32. *Unidades especializadas da Oficina Nacional de Loita contra a Fraude.*

Na Dirección Especial, nas direccións territoriais e nas inspeccións provinciais que se determine conforme as circunstancias de cada territorio, e segundo o que establezan as relacións de postos de traballo, existirán unidades especializadas de inspección nas áreas funcionais propias da Oficina Nacional de Loita contra a Fraude.

Corresponderá ao xefe da dita unidade, ademais das funcións indicadas no artigo 31.3, o exercicio das competencias en materia de procedementos sancionadores e expedientes liquidatorios por cotas da Seguridade Social e outros conceptos de recadación conxunta iniciados pola Inspección de Traballo e Seguridade Social, de acordo co disposto na normativa específica na materia, e asumir as relacións ordinarias de servizo coas entidades e servizos de protección social.

Sección 6.ª Dos equipos de inspección

Artigo 33. *Equipos de inspección.*

1. Os equipos de inspección son a estrutura básica da acción inspectora. Neles desenvólvense os principios de especialización e de unidade de función e de acto, nos termos do artigo 2.c) da Lei 23/2015, do 21 de xullo. A súa constitución responderá a criterios territoriais, sectoriais ou doutro tipo.

2. Os equipos desenvolverán integralmente a actividade inspectora ordinaria no ámbito que se lles asigne, sen prexuízo do establecido no artigo anterior. Para tal fin, os equipos disporán, no posible, de inspectores e subinspectores especializados nas distintas áreas funcionais.

3. Os equipos de inspección estarán baixo a dependencia do xefe da Inspección Provincial, cos efectivos, a distribución e a composición que conveñan a cada territorio e momento, en réxime de coordinación e mutua colaboración entre eles. Cando a súa dimensión ou o volume de actividade o aconsellen, poderán establecerse no seu seo un ou varios grupos de traballo.

Os inspectores de novo ingreso, durante os primeiros dous anos de servizos na Inspección de Traballo e Seguridade Social, serán asignados, de ser posible, aos equipos de inspección da provincia de destino.

4. Cada equipo asumirá a execución da programación dos servizos que correspondan ao seu ámbito, organizará e distribuirá o traballo entre os seus membros e o seguimento da súa execución e da adecuación das actuacións practicadas, e desenvolverá o seu labor mediante a actuación individual ou colectiva dos seus inspectores e subinspectores.

5. Á fronte do equipo estará un inspector de Traballo e Seguridade Social, que o dirixirá técnica e funcionalmente, exercerá o seu control e impulsará a súa actividade, baixo a dependencia establecida no número 3 anterior; contará cos inspectores e subinspectores que se asignen e co persoal administrativo de apoio que permitan as dispoñibilidades e a organización existentes. O xefe do equipo asignará as ordes de servizo a cada funcionario ou grupo de traballo.

6. Poderán constituírse grupos de funcionarios para a atención de necesidades non permanentes e pola súa duración. A Dirección Especial e as direccións territoriais do Organismo poderán dispor dos equipos de inspección que se determinen, en atención ás súas necesidades, conforme o establecido nos números anteriores.

Sección 7.^a Das secretarías

Artigo 34. *Secretarías.*

Nas unidades territoriais que se determine existirá unha secretaría con dependencia funcional da Secretaría Xeral do Organismo Estatal ou subdirección competente por razón da materia, e dependencia orgánica do xefe da unidade territorial respectiva, segundo o que establezan as relacións de postos de traballo.

Esta secretaría exercerá, no ámbito correspondente, as funcións encomendadas á Secretaría Xeral do Organismo e cantas outras funcións administrativas lle encomende o xefe da unidade territorial.

CAPÍTULO V

Réxime económico, patrimonial, de contratación e de recursos humanos

Artigo 35. *Recursos económicos.*

Os recursos económicos do Organismo Estatal estarán integrados:

- a) Polas asignacións que anualmente se establezan con cargo aos orzamentos xerais do Estado.
- b) Polas transferencias correntes ou de capital que, en virtude de convenios, encomendas de xestión ou outros instrumentos xurídicos, se poidan acordar coa Administración da Seguridade Social, coas administracións das comunidades autónomas ou con outros órganos, vinculados á consecución dos obxectivos establecidos nos correspondentes plans e programas de actuación inspectora ou dirixidos a facilitar a realización da actividade inspectora e ao perfeccionamento e á especialización dos efectivos da Inspección.
- c) Polos bens e valores que constitúen o seu patrimonio.
- d) Polos produtos e polas rendas do dito patrimonio.
- e) Polas subvencións, así como polos ingresos que obteña como consecuencia de concertos ou convenios con entes públicos.
- f) Por calquera outro recurso non previsto nos números anteriores e que lexítimamente lle poida corresponder.

Artigo 36. *Réxime patrimonial.*

1. O réxime patrimonial do Organismo Estatal será o establecido para os organismos autónomos na Lei 33/2003, do 3 novembro, e nas súas disposicións complementarias.

2. Para o cumprimento dos seus fins, o Organismo Estatal poderá ter, ademais dun patrimonio propio distinto ao do Estado, o formado polos bens e dereitos que lle adscriba a Administración xeral do Estado ou lle sexan cedidos por outros organismos ou entidades públicos.

3. O inventario actualizado e as súas posteriores modificacións remitiranse anualmente á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado do Ministerio de Facenda e Función Pública, para a súa anotación no Inventario xeral de bens e dereitos do Estado, conforme o previsto no artigo 14.2.

Artigo 37. *Réxime orzamentario e de contratación.*

1. O réxime orzamentario, económico e financeiro, de contabilidade, intervención e de control financeiro do Organismo Estatal será o determinado na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

2. O réxime de contratación do Organismo Estatal será o determinado para as administracións públicas na Lei 9/2017, do 8 de novembro.

Artigo 38. *Control da xestión económico-financeira.*

Sen prexuízo das funcións atribuídas ao Tribunal de Contas, o control interno da xestión económico-financeira do Organismo corresponde á Intervención Xeral da Administración do Estado e realizarao, nas condicións e nos termos establecidos na Lei 47/2003, do 26 de novembro, a Intervención delegada no Organismo, baixo a dependencia orgánica e funcional da Intervención Xeral da Administración do Estado.

Artigo 39. *Réxime relativo aos recursos humanos.*

1. Como establece o artigo 4 da Lei 23/2015, do 21 de xullo, e de conformidade co establecido no artigo 100 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o réxime xurídico dos funcionarios dos corpos da Inspección de Traballo e Seguridade Social será o previsto na Lei 23/2015, do 21 de xullo, no texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, e demais lexislación sobre función pública inspectora ditada polo Estado, así como nas demais normas estatais ou autonómicas de desenvolvemento.

2. Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e nas respectivas leis de orzamentos de cada exercicio, especialmente no relativo a dotacións, retribucións e outros gastos de persoal.

3. Os funcionarios dos corpos de Inspección dependerán funcionalmente da Administración, estatal ou autonómica, que resulte competente pola materia obxecto de inspección, nos termos previstos na Lei 23/2015, do 21 de xullo, e no resto da normativa aplicable, sen prexuízo da súa dependencia orgánica dunha ou doutra Administración.

Disposición adicional primeira. *Comunidades autónomas con funcións e servizos traspasados en materia de función pública inspectora.*

O disposto nestes estatutos débese interpretar, en todo caso, sen prexuízo das competencias que correspondan ás comunidades autónomas que recibisen o traspaso dos funcionarios e dos servizos de Inspección de Traballo. No caso destas comunidades autónomas, serán de aplicación os acordos de transferencia, así como os acordos adoptados no seo do órgano de cooperación multilateral previsto no número 2 da disposición adicional oitava da Lei 23/2015, do 21 de xullo.

Disposición adicional segunda. *Asistencia a órganos colexiados.*

A asistencia aos órganos colexiados previstos nestes estatutos non suporá incremento de gasto nos orzamentos do organismo autónomo Organismo Estatal Inspección de Traballo e Seguridade Social.

Disposición adicional terceira. *Non incremento do gasto público.*

As medidas incluídas nesta norma non suporán incremento de dotacións, nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.